

Para crear entre os e as de abaixo, os ninguneados, os explotados... unha Alternativa Social Real:

- Non ao pagamento da DÉBEDA e restitución por parte do poder financeiro dos 41.000 millóns que roubaron ao pobo.
- Non á Unión Europea e saída inmediata do euro de todos os países do sur de Europa. SOLIDARIEDADE Y COOPERACIÓN ENTRE OS POBOS, Non á competitividade.
- Traballo digno e Renda Básica abondo.
- Retirada inmediata das reformas laborais, da reforma das pensións, das reformas sanitario e de educación:
 1. Contratos fixos e salarios abondo, redución da xornada laboral a 30 horas semanais para poder traballar todos e todas.
 2. Salario mínimo de 1.200 € e pensións mínimas de 1.200 €.
 3. Dereito universal a sanidade e educación gratuítas e para todos e todas.
 4. Pensións públicas suficientes e axeitadas para as xeracións actuais e para as futuras xeracións.
 5. Desprivatización de todas as empresas ligadas a bens esenciais para a vida: enerxía (auga, gas e electricidade), transportes públicos, servizos sociais, cultura, educación e saúde.
 6. Dereito a vivenda como un ben inembargable.
 7. Dereito á xustiza gratuíta.
 8. Dereito das mulleres a decidir sobre o seu corpo.
- Persecución da FRAUDE FISCAL de grandes corporacións empresariais, financeiras e fondos de investimento: REFORMA FISCAL para que paguen máis quen máis perciba e deste xeito, redistribuír socialmente a riqueza.
- NON a lei mordaza, e NON á lei anti-folga que pretenden.

Mobilizámonos e loitamos por DIGNIDADE, porque se está a demostrar que a loita é o único camiño (Gamonal, Sanidade de Madrid....., etc).

Por todo iso acudiremos e formaremos parte das MARCHAS DA DIGNIDADE, defendendo a FOLGA XERAL como ferramenta para conseguir os obxectivos que nos marcamos.

VIVA A LOITA DA CLASE OBREIRA!

ABONDA DE REPRESIÓN!

FOLGA XENERAL YA!

Saída ás 16:00 dende a Plaza de la Beata María Ana de Jesús ata Neptuno

 **CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO**
www.cgtgalicia.org www.rojoynegro.info



**UNIFICAR AS LOITAS
cara a
FOLGA XERAL
ABONDA DE REPRESIÓN!**

**Imos a
22M Madrid**

VIVA A LOITA DA CLASE OBREIRA!

Saída ás 16:00 dende a Plaza de la Beata María Ana de Jesús ata Neptuno

 **CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO**
www.cgtgalicia.org www.rojoynegro.info

UNIFICAR AS LOITAS CARA A FOLGA XERAL

Mobilizámonos e loitamos **por DIGNIDADE**, porque se está a demostrar que a **Loita é o Único Camiño** (Gamonal, Sanidade de Madrid..., etc.). Por todo iso **acudiremos e formaremos parte das MARCHAS DA DIGNIDADE, defendendo a FOLGA XERAL** como ferramenta para conseguir os obxectivos que nos marcamos.

Apoiamos as Marchas:

Porque os poderosos e os seus representantes, o poder político, **están a utilizar as leis como armas de destrución masiva de dereitos e liberdades.**

Os fundamentos básicos do estado social e de dereito: emprego, pensións, servizos públicos e universais: sanidade, saúde, educación, coidados-dependencia, prestacións por desemprego, cultura, vivenda, transportes públicos, as liberdades de manifestación, opinión e folga, foron quebrados dende o momento que se aplicaron políticas de recorte e axustes fiscais, para garantir que **"sempre habrá diñeiro para pagar os intereses e o capital dunha débeda absolutamente ilexítima**, a banqueiros, fondos de investimento, grandes empresarios e demais voitres". Para iso **non dubidaron en cambiar a constitución e modificar o artigo 135**, en agosto do 2011. Deron un auténtico "golpe de estado" contra a maioría social.

A forzas políticas e económicas que abandean este "golpe de estado" á liberdade, son equivalentes e herdeiras daquelas do golpe do 36. **Burguesías** nacionais representadas polos políticos correspondentes, e estranxeiras: FMI, Comisión Europea, BCE; **patronais** representadas polo **poder financeiro bancario e o poder industrial** (multinacionais da enerxía, da construción, das telecomunicacións...)

Ante a falta dunha resposta social contundente, agora pretenden novas propostas de lei aínda máis autoritarias: **lei de seguridade cidadá, lei anti-folga, lei contra o dereito das mulleres a decidir sobre o seu corpo**, todas elas outorgan ao empresariado, aos banqueiros, aos seus economistas e executivos de calquera organismo nacional ou supranacional, patente de curso para saberse por enriba da xustiza e **a súa impunidade é case total.**

Pretenden "saír" da súa crise **augmentando a explotación da maioría da poboación**, e tamén dos recursos naturais. Por iso recortan os investimentos ambientais e rebaixan a pobre lexislación existente de protección do ámbito, por exemplo, favorecendo aínda máis a urbanización da costa e mesmo dos parques nacionais.

Estes son os responsables de:

- Que no estado español **haxa fame real.**
- Que haxa **12,5 millóns de persoas pobres** (menos de 7.040 euros ao ano).
- Que millóns e millóns de persoas morran de sede de xustiza social:
 1. **6 millóns de persoas sen traballo.**
 2. **Redución masiva dos salarios.**
 3. **Conxelación e decrecemento das pensións.**
 4. **Eliminación de dereitos laborais** fundamentais: xornada, categoría, contratos dignos.
 5. **Represión selectiva** de sindicalistas, activistas sociais e organizacións sociais e sindicais.
 6. **Centos de miles de persoas expulsadas das súas casas.**
 7. **Varios millóns de persoas ás que se lles nega a asistencia sanitaria**, violando o dereito universal á saúde.
 8. **Miles e miles de mozos condenados á emigración e privados do seu dereito a unha educación universal e gratuíta.**
 9. **Eliminación real do dereito á disidencia**, á folga, á protesta...

O aire social está cargado de medo, de miseria e mentira. Non se respira liberdade e cando miles de persoas saen á rúa, con folgas en defensa dos empregos, en defensa dun salario digno, en defensa de dereitos esenciais para a vida: casa, saúde, educación, coidados, cultura, transportes públicos e sociais, un ámbito saudable, en defensa da liberdade de expresión para berrarlles á cara criminais, ladróns... en definitiva, **na defensa do dereito a ter dereitos**, a resposta é "máis leña ao mono..." e unha volta aquilo de "a rúa é miña..." a esa **orde social autoritaria e ditatorial.**

Ninguén, absolutamente ninguén merece volver vivir anos de "fame, chumbo e ausencia de liberdade". Por iso, temos que reaccionar non só con máis indignación, senón con **miles e miles de persoas facendo insumisión real ás súas leis.** Non consintamos volver ao mesmo, aínda que agora sexa renomeado. Non deixemos que a historia de medo, represión e "a paz dos cemiterios", se repita. Paga a pena recuperar a DIGNIDADE como persoas e como pobo.

MOBILIZÁMONOS:

- Para dicirlle aos poderosos que **XA ABONDA de roubarnos: empregos, salarios, pensións, saúde, educación e os servizos públicos que son esenciais para unha vida digna.**
- Para berrarlles nos seus pazos, dende o Congreso, pasando pola Zarzuela e a Moncloa e os pazos dos banqueiros (Santander, BBVA, a Caixa, Bankia...) que **XA ABONDA de espoliar os nosos dereitos fundamentais: a liberdade sindical, a liberdade de expresión, a liberdade de manifestar a nosa indignación, a liberdade de folga, o dereito á Xustiza.**
- Para opoñernos de fronte, **contra os seus desafiuzamentos das nosas vivendas, dos nosos traballos, que nos deixan sen proxecto de vida presente e futuro.**
- **Para opoñernos radicalmente ao seu sistema corrupto, que está a xerar empobrecemento, desigualdade e inxustiza social.**
- Para **opoñernos ao pagamento da DÉBEDA** que pretende ternos atrapados e atrapadas para sempre.
- Para mostrar que nós e nós si entendemos que non habrá saída da crise **estafa económica, e moito menos unha saída social, se non solucionamos ao tempo a crise ambiental e enerxética.**